

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 3 de xullo de 2025 pola que se resolve a convocatoria do Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas 2025 (código de procedemento PR775A).

Mediante a Resolución da directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) do 24 de marzo de 2025 aprobáronse as bases reguladoras e convocouse o Concurso de literatura infantil e xuvenil do Día das Letras Galegas 2024 (DOG núm. 65, do 3 de abril).

Segundo o disposto nas bases primeira e segunda da convocatoria, existen as seguintes categorías e premios:

Categorías	De 9 a 11 anos	De 12 a 14 anos
1º premio	250 euros	250 euros
2º premio	200 euros	200 euros
3º premio	150 euros	150 euros

Segundo a base décima e décimo primeira da convocatoria, para valorar os textos constitúese un xurado, que relaciona os textos presentados por orde de prelación tendo en conta os seguintes criterios de valoración:

a) Calidade literaria: ata 14 puntos.

b) Orixinalidade: ata 14 puntos.

c) Valores culturais e que sustentan a democracia e os dereitos humanos, incluída a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato e a non-discriminación, así como a prevención da violencia de xénero e o acoso escolar ou calquera outra manifestación de violencia: ata 10 puntos.

d) Coidado da lingua: ata 12 puntos.

Mediante a Resolución da directora da EGAP do 2 de xuño de 2025 nomeouse o xurado do antedito premio. En vista dos criterios transcritos, o xurado relacionou os contos situados nos tres primeiros postos de cada unha das categorías.



En vista de todo o exposto,

RESOLVO:

Adxudicarlles os premios do concurso ás seguintes persoas:

Categoría (idades comprendidas entre os 9 e os 11 anos):

1º premio de 250 euros para Mael Rellán Davila por «Paqui a Vianesa».

2º premio de 200 euros para Sofiya Insua Evtyukova por «O raposo e a limacha».

3º premio de 150 euros para Arwen Fernández García por «O pequeno e o volcán».

Categoría (idades comprendidas entre os 12 e os 14 anos):

1º premio de 250 euros para Eume Piñeiro Caverro por «A besta».

2º premio de 200 euros para Itxaso Illarramendi González por «As nenas bonitas cavan tumbas».

3º premio de 150 euros para Ana López Canosa por «Caos no papel».

Segundo o disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e como tamén vén recollido no número 2 da base décimo segunda da convocatoria, as persoas beneficiarias, a través dos/das respectivos representantes legais, disporán dun prazo de dez días hábiles para a aceptación do premio mediante escrito dirixido á EGAP. Transcorrido este prazo sen manifestación expresa, o premio entenderase tacitamente aceptado.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá ser impugnada en reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto polos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, cabe a interposición directa de recurso contencioso-administrativo ante os xulgados desa xurisdición que resulten competentes no prazo de dous (2) meses, contados tamén a partir do día seguinte ao da publicación deste acto, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2025

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

CVE-DOG: ot13qkg3-19g9-nbr2-zds7-z83hchjfn41

